



**MEMORIA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS PARA DIFUNDIR, ESTUDAR E PRESERVAR A OBRA DE MANUEL MARÍA**

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o director xeral de Cultura DECLARAN:

Que a Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Cultura formalizarán coa Fundación Manuel María, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Cultura e a Fundación Manuel María.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.





As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversifi cada, competitiva e atraente de produtos de cultura, lograr un incremento notable da oferta de produtos culturais en galego, aproveitar os recursos culturais dispoñibles nos fondos públicos como base de produtos en galego para utilizar nos espazos de divulgación cultural ou incentivar a produción cultural galega e promover o consumo cultural en lingua galega.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Manuel María que ten por finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do





XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DA LINGUA

Rúa San Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela  
881 996 327 / 881 996 566  
sxp1-convenios.cultura@xunta.gal  
www.lingua.gal

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Lingua

O director xeral de Cultura

Valentín García Gómez

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

